NUMANCIA – G. MUGARDOS e BETANZOS – ORILLAMAR

Este martes foi presentada no restaurante “A Casa Nova” a cuarta edición deste trofeo de categoría xuvenil que se celebrará este sábado, 22 de agosto, en Prados Vellos. No acto estiveron presentes Antonio Guijarro, coñecido popularmente por “Rayito” e o vicepresidente da ADR Numancia, Ramón Rodríguez. Ares, 19 de xullo de 2015 Continuando coa tradición dos últimos anos, o restaurante A Casa Nova, establecemento continuador da Vinoteca “A Porta do Sol”, patrocina este cuadrangular de categoría xuvenil que organiza o Numancia coma un evento máis das actividades de verán da vila de Ares.

A primeira semifinal comezará ás 10.15 h., nun partido clásico de rivalidade local, entre o Galicia de Mugardos e o Numancia.

Ás 12.00 h. dará inicio a segunda semifinal na que teremos oportunidade de ver a dous equipos punteiros da delegación coruñesa: o Betanzos, equipo que participou nas anteriores edicións do trofeo e que quedou ás portas da fase de ascenso á liga galega, e o Orillamar coruñés, conxunto que milita na Liga Galega.

Xa pola tarde, o partido no que se disputará o 3º e 4º posto comezará ás 17.00 h., mentres que a final será ás 19.00 h.

Ademais dos correspondentes trofeos para os catro equipos, doados polo restaurante “A Casa Nova”, tamén levarán trofeo o máximo goleador e o mellor xogador do torneo, regalos de Antonio Guijarro.

A CASANOVA

IV TORNEO XUVENIL RESTAURANTE «A CASA NOVA»

Sábado 22 de agosto do 2015

10:15 h Numancia – G. Mugardos
12:00 h Betanzos – Orillamar
17:00 h 3º – 4º posto
19:00 h Final